



Actualizando a tradición asociativa de Tabeirós-Terra de Montes

O nome de Vagalumes que leva a asociación cultural procede do título do poemario de Xosé Manuel Cabada Vázquez publicado en 1931 cando se abría no horizonte unha esperanza para a nosa cultura e as liberdades nacionais e individuais. Este libro foi un produto persoal e ao mesmo tempo fillo dunha xeración que se organizou no agrarismo e na emigración e foi derrotada coas Irmandades da Fala, mais coma os vagalumes, logo da treboada, arela xurdir da terra para iluminar a noite, máis unha vez.



Boletín da
Asociación
Cultural
Vagalumes

Quinta feira,
27 de setembro
de 2018
Número 2

Estrada de letras

Cultura en acción directa

David Otero

A A.C. Vagalumes, indo a camiño de dez anos de existencia, nas súas intencións considera a cultura e a memoria como mediadoras fundamentais da identidade e así propón no seu desenvolvemento asociativo a acción directa, real, nas mesmas para xa que logo ir a nosa normalización en valor de uso. Desexamos que os nosos actos e propostas en clave de cidadanía participativa, en vivo, en tempo real, sexan parte dinamizadora da construción cultural deste noso Concello da Estrada (que é dicilo de Galiza). O choio conleva a superación de non poucos obstáculos, pois o dominante (moitas veces posto no institucional) opera como destrución silenciosa, e visible, parecendo normalizar con progreso (sen selo). Gústalle moito as súas expresións culturais programadas e feitas valor de cambio, mercadorías. Espectáculos. O outro, a cultura popular participativa, polo visto ao dicir de non poucos, son feitos ao seu parecer como xa fóra de lugar e tempo, si, a cultura posta en valor de uso colectivo e que polo mesmo, ata en casos oficialmente, ha ser silenciada, mesmo combatida, polas culturitas (moitas oficiais) que se ofertan e venden a cada hora.

Propostas culturais

Desta maneira atendéndolle fundamentalmente ao antedito, promovemos e mediamos, movemos, a intervención interdisciplinar das nosas autoras e autores estradenses (sen deixar de facelo asemade coas galegas e cos galegos) e así neste período do dezasete ao dezaioito realizamos unha serie de propostas culturais, neste caso de marcado senso literario, para contacto, participación e saber, de quen nos acompañaron.

Comezamos por “Tecer poemas” motivados polo día de Rosalía e neste percorrer interviñeron mozas e mozos dos Centros do noso Concello tendo nos seus recitados, uns da obra de Rosalía e outros doutras autoras e autores que os seus poemas tivesen relación

con Rosalía, un fondo sustento de facer e ler poesía como expresión literaria e asemade como precisión emocional da nosa Lingua.

Seguimos coas presentacións de libros como o titulado *A Estrada* de Pedro Varela (editado pola Deputación de Pontevedra) e que a profesora Clara Iglesias Cortizo traduciu á nosa Lingua pois desde a súa primeira publicación estaba escrito en español. A mesma profesora (presidenta de Vagalumes) é autora dos *Nomes da Estrada*, unha obra de investigación e de difusión da toponimia do noso Concello, a cal se presentou en distintas parroquias e así en cada lugar a autora centrou o estudo que lle correspondía especialmente a esa parroquia. Un traballo de difusión e rigoroso onde a veciñanza se afirmou na importancia de coñecer e defender os nomes axeitados de cada lugar. Desta rolda de presentacións do libro poñeremos a destaque a petición veciñal da necesidade doutro traballo importante como será a integración e unificación da microtoponimia deste Concello.

Realizouse tamén, coa presenza da directora do semanario *Sermos Galiza*, María Obelleiro, a presentación e proposta do futuro *Diario Galego* e nesa sesión manifestouse a importancia de involucrarnos para termos en Galiza un xornal esencialmente galego, en galego, que integre e divulgue as noticias en clave de verdadeira actualidade e importancia, así como que permita unha verdadeira información directa e que chame á crítica e ao coñecemento. Presentouse o libro *O cuarto das abellas*, de Antía Otero, xunto coa participación de Chus Nogueira e Susana Aríns.

Realizouse a homenaxe poética titulada “No ronsel de Avelina e Marcial”, que comezou pola ofrenda floral e visita ao cemiterio de San Vicente de Berres e logo o percorrido polas distintas estancias e lugares do Pazo de Vilancosta dos Valladares e por cada espazo recitáron-



se poemas que foron eles quen presidiron esta xornada. Tomaron a palabra as poetas Susana Aríns, María Soutelo, Lorena Rei e os poetas Xosé Luna, Sindo Villamayor e Carlos Solla.

“Alba de Gloria”

Como todos os anos pola semana da Patria Galega celebramos o “Alba de Gloria” en memoria de Castelao e asemade da viaxe que este, Otero Abelleiro, Sinde e García Barros, realizaron ao Pico Sacro. Este acto faise na colaboración de Vagalumes e a A.C. O Galo de Compostela. Este ano foi invitada a Asociación Veciñal Agra do Orzán da Coruña. De primeiras ao pé do Pico e xunto do manancial (onde houbo unha fonte de romeiros, agora atuado para servizo dun particular e que se reivindica cada ano a que volva ao que foi), recibíronnos os da AV Agra do Orzán con poemas de Marcial Valladares e logo pasamos á intervención de benvinda ao Acto a cargo de Mercedes Queixas.

Desde a campa fomos subindo ao cumo do Pico e alí procedemos á lectura do Alba de Gloria e á interpretación do noso himno nacional. Baixamos e demos inicio ao paseo polas covas deste lugar coas explicacións da poeta Yolanda Aldrei para chegarmos á capela do San Sebastián onde asistimos a un acto musical. De seguido e pola tarde fomos á campa de San Vicente de Berres onde descansan os Irmáns Valladares e realizamos unha ofrenda floral e recitado de poemas. De seguido visionamos no Teleclub de Berres o vídeo de cando no de 1970 se lle adicaron as Letras Galegas a Marcial Valladares.



Xa no Pazo de Vilancosta asistimos á sesión maxistral explicativa sobre a presenza da guitarra na música galega e en especial nas composicións dos Irmáns Valladares, así como á fermosa mostra musical que Isabel Sanmartín nos ofreceu coa súa guitarra de pezas dos Valladares. Rematou a xornada coa visita ao Areal, un entorno de marabillosa sensibilidade pola conservación da natureza á beira do río Ulla.

Velaí, no feito literario, propostas realizadas e como xa se dixo na intención de motivar ao saber e participación no contido da nosa cultura. Motivamos a perderlle o medo á nosa palabra da Lingua, pois mantelo conleva o medo a nosa cultura libre, crítica e creativa. Seguimos pois nomeando.

David Otero é escritor e membro da A.C. Vagalumes.

Arriba, roteiro Castelao ao Pico Sacro; no centro, roteiro literario polo pazo de Vilancosta dos irmáns Valladares; e abaixo, ofrenda política diante da tumba de Avelina e Marcial Valladares.

Reedición de *A Estrada* de Pedro Varela

Ou como mudamos nun século

Clara Iglesias Cortizo

Un dos obxectivos esenciais da A.C. Vagalumes é o de dar a coñecer e poñer en valor a nosa historia e o noso patrimonio. Por este motivo, decidimos levar a cabo a reedición dun libro publicado no ano 1923, *La Estrada*, da autoría de Pedro Varela Castro. Pedro Varela foi alcalde do concello da Estrada entre o ano 1916, en que accedeu ao cargo como agrarista, e 1920. Foi director do xornal *El Eco de La Estrada*; presidente honorario da Federación Agraria de Estrada, Silleda, Forcarei e Cerdedo e impulsor de asociacións de emigrantes na Habana, Bos Aires e Montevideo.

O libro esgotárase moi axiña daquela e nunca máis volveu ser reeditado. A excepción dalgunhas persoas que tiveron a sorte de conservar un exemplar antigo, permaneceu case completamente inaccesible durante máis de 90 anos. Na A.C. Vagalumes pareceunos que cumpría recuperalo e que a reedición tería que ser na nosa lingua. Coa tradución, lonxe de perder, o libro de Pedro Varela encontraría a súa canle de expresión idónea.

Un traballo exhaustivo

Trátase dunha obra moi interesante na medida en que é fundamental que coñezamos e poñamos en valor a nosa realidade máis próxima, como punto de partida para tomarmos consciencia do noso país. E en canto a coñecer a realidade máis próxima, o traballo de Pedro Varela é especialmente exhaustivo. Nel, o autor realizou un estudo da xeografía e a historia do noso concello verdadeiramente minucioso e documentado, froito dun enorme esforzo de recompilación e de recollida de información. Percorreu os arquivos

na busca de datos e documentouse en libros e publicacións periódicas; mais, o verdadeiramente salientábel é o coñecemento directo que tiña de todas e cada unha das parroquias e lugares que conforman o noso concello.

Na primeira parte do libro, o autor estuda o concello da Estrada no seu conxunto, territorio, extensión, temperaturas, lindes, vías de comunicación, poboación, sociedades agrarias, sociedades de América, feiras e mercados...; mesmo se introducen listados cos nomes das persoas que ocuparon cargos institucionais ou profesionais de relevo, xunto coas datas en que os exercer-

on. Na segunda parte, ocúpase de todas as parroquias estradenses, unha por unha e con grande minuciosidade: localización, orografía, hidrografía, poboación, historia, persoeiros relevantes, sociedades agrarias, etimoloxía dos topónimos, vías de comunicación, situación do

ensino, festas, patrimonio arquitectónico ou arqueolóxico, produción agrícola... Trátase de datos extraordinariamente valiosos para coñecermos o pasado e o presente do noso concello. Pedro Varela demostra, en cada unha das páxinas do seu libro, o grande amor que sentiu pola Estrada, un amor baseado no coñecemento profundo e na reflexión sobre os seus problemas, posíbeis solucións e expectativas de futuro.

O 26 de xuño de 2017 presentamos a reedición da obra de Pedro Varela, co título *A Estrada*, traducida á nosa lingua e respectando o seu formato orixinal, enriquecida con novas fotografías daquela época, que veñen engadirse ás que xa aparecían na primeira edición. O libro foi editado pola Deputación de Ponte-

OS DATOS QUE
RECOLLE SON MOI
VALIOSOS PARA
COÑECERMOS O
PASADO E O PRESENTE
DO NOSO CONCELLO



vedra, entidade á que temos que agradecer o interese e a colaboración, en concreto á área de Cultura e Normalización Lingüística.


A acollida que tivo a publicación foi moi boa e, desde a A.C. Vagalumes, agardamos que sirva como fonte de datos e de información para as persoas interesadas nalguna cuestión en particular; e, en xeral, para coñecermos e valorármolos mellor a nós mesmos. Sen dúbida, o coñecemento da nosa realidade máis próxima e o amor por ela é o paso imprescindible para chegarmos á consciencia da nosa identidade cultural e do noso ser nacional.

Clara Iglesias Cortizo é profesora e escritora, amais de presidenta da A.C. Vagalumes.

Fotografías históricas e portada do libro de Pedro Varela.

Os nomes da Estrada

Xxxxx nxxxxxxxx



fonte importantísima de onde tirar datos da nosa historia, cultura, evolución lingüística... Estamos habituados a ver agresións aos nosos topónimos. Xente que, mesmo dende institucións e cargos públicos, mantén con teimosía o emprego de topónimos deturpados, alegando o costume para o seu uso (Riveira, Sangenjo...). Pero os nomes dos lugares deberían ser tratados cun gran respecto, pois son un material insubstituíbel para afondar nas nosas raíces e na nosa evolución como pobo. O carácter conservador da toponimia permítenos albiscar tempos prehistóricos e linguas perdidas xa hai moitos séculos. Os topónimos son unha testemuña directa do sentir das xentes que alí habitaron.

Esta obra é un traballo sobre os nomes da Estrada, pero moita xente doutros concellos poderá atopar nel explicación para os nomes da súa zona, por mor da repetición dun gran número deses topónimos ao longo da nosa xeografía. E, aínda que calquera estudoso do tema pode encontrar as explicacións completas e rigorosas, é unha obra pensada para o público en xeral e a autora busca unha exposición clara e amena, incluíndo anécdotas e curiosidades para evitar a monotonía dos tecnicismos. A finalidade é achegar a toponimia a todos os habitantes da Estrada.

Agora queda por diante o traballo de recollida e estudo da toponimia menor ou microtoponimia para tratar de evitar a súa perda. É o próximo obxectivo.

María Porto

Para a Asociación Cultural Vagalumes é un obxectivo prioritario traballar a prol da preservación do noso patrimonio material e inmaterial. Mentres se levaba a cabo o proxecto de xeorreferenciar todos os puntos de interese patrimonial da comarca Tabeirós-Terra de Montes para incluílos na páxina web da asociación, xurdiu a idea de complementar a información coa explicación da orixe e significado dos nomes dos lugares nos que se atopa cada un dos monumentos. A presidenta da asociación, Clara Iglesias, filóloga con grande interese na toponimia, púxose a traballar e decidiu non parar até completar o conxunto da toponimia maior (nomes dos núcleos de poboación) do noso concello. Un traballo nada sinxelo, pois temos 51 parroquias que contan en total con 458 entidades poboacionais. Pero un traballo neces-

sario xa que A Estrada carecía (ao igual que outros moitos concellos) dun estudo rigoroso e completo dos nomes das súas parroquias e lugares. E así, tras moitas horas de traballo de investigación, puidemos ver publicada por edicións Fervenza esta obra, *Os nomes da Estrada*.

No libro aparecen explicados, parroquia por parroquia, os nomes de todas as entidades habitadas do noso concello. Ao comezar cada parroquia, atopamos un mapa que axuda a localizármolos correctamente. É unha obra divulgativa que persegue a claridade e o rigor e deixa moi pouco marxe á especulación. Para a maioría dos topónimos estudados hai unha explicación incontestábel. Hai algúns onde xorden dúbidas e outros, os menos, que son absolutamente escuros (pois son tan antigos que a lingua na que estaban desapareceu hai moito tempo). Como a autora nos recorda, cando as persoas lle puxeron nome a un lugar, ese

nome sempre era transparente, tiña un significado claro. Pero, co paso do tempo, a lingua cambia, evoluciona e o significado deixa de ser evidente. Aparecen entón as interpretacións populares da toponimia, baseadas en creencias para xustificar unha explicación ao nome. Esta toponimia popular adoita ser creativa e curiosa, pero afastada da realidade. O certo é que a gran maioría dos nomes de lugar fan referencia a algunha característica orográfica do lugar, ao nome do dono das terras ou ás árbores ou especies vexetais que predominan nelas. Pero tamén poden aludir a construcións, elementos viarios, animais, profesións...

As persoas que habitaron estas terras no pasado déronlle nome aos lugares que as rodeaban, nos que vivían, que traballaban. A toponimia é unha

**MOITA XENTE DOUTROS
CONCELLOS PODERÁ
ATOPAR NESTA OBRA
EXPLICACIÓN PARA OS
NOMES DA SÚA ZONA**

María Porto é xxxx xxxxxxxxxxxx.

**Calros Solla, Manuel Cabada,
David Otero e Clara Iglesias na
presentación do libro *Os nomes da
Estrada*. Foto: cedida.**



Constantino Regueira Paz

A Mostra de Teatro Escolar “Olimpio Arca” consolídase

Despois de dúas edicións desta homenaxe na memoria do labor de D. Olimpio Arca no eido do teatro na escola, a A.C. Vagalumes da Estrada considera felizmente consolidada a mostra.

E facemos esta afirmación, non porque o desenvolvemento desta segunda edición fose máis ou menos afortunado, senón porque a implicación e acollida que amosaron cara a mesma os centros de ensino deixa fóra de toda dúbida a súa vontade de persuadir os seus alumnos e alumnas das bondades da querenza polo teatro, a través da nobre causa da lembranza do mestre D. Olimpio.

Un ano máis, e despois de dúas xuntanzas coas persoas responsables da actividade nos centros, a resposta foi digna da nosa maior satisfacción.

A mostra desenvolveuse no Teatro Principal da vila, co apoio técnico da Delegación de Cultura do Concello e presentada polo noso compañeiro David Otero, durante os días 22 e 23 de novembro do 2017.

O día 22 pisaron táboas os CEIP Ca-

bada Vázquez, Pérez Viondi, Figueiroa e CEIP do Foxo, que representaron “O burro de Xan”, “O raposo e o galo”, “Contemplando unha estrela” e “O libro dos porcos”, respectivamente.

Correspondeulles aos alumnos e alumnas dos IES representar o día 23 : “A min o que me gusta é o teatro” (IES M. García Barros); “A laranxa máis laranxa de todas as laranxas” (IES nº 1); “O mercador de Venecia” (CPR Nosa Sra. De

Lourdes) e “As avelaiñas chamadas...” (IES A. Losada Diéguez).

Para a nosa satisfacción, como asociación proponente e coordinadora desta mostra, a clausura deixou unha sensación ilusionante de un “ata a vindeira edición”. A nosa intención é consensuar con todos os centros a inclusión deste evento na súa programación anual de actividades, como unha referencia fixa no eido do teatro.



Constantino Regueira Paz é

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

Na imaxe superior, colexio público do Toxo; abaixo, á esquerda, alumnado do colexio Pérez Viondi, e, á dereita, C.P.R. Nosa Señora de Lourdes.



Mosteiro de Acibeiro e lagoa Sacra de Olives.

Drons e patrimonio

Luis Alberto Silva Casas

As novas tecnoloxías son unhas ferramentas que pouco a pouco se introduciron nas nosas vidas ata converterse en algo imprescindible. Relacionándoo coa súa aplicación ao patrimonio imos falar do tema dos Drons e, de acordo con isto a nosa asociación está a desenvolver un programa de patrimonio libre que coa axuda dos nosos veciños de Tabeirós -Terra de Montes busca conseguir xeorreferenciar e darlle visibilidade ao fermoso entorno que nos rodea.

Os drons permítenos acceder con máis detalle e máis facilmente a nosa materia de estudo. Ademais, coas tomas audiovisuais que con eles

TRÁTASE DUN PROGRAMA DE PATRIMONIO LIBRE QUE BUSCA CONSEGUIR XEORREFERENCIAR E DARLLE VISIBILIDADE Á FERMOUSA CONTORNA QUE NOS RODEA

creamos obtemos unha nova perspectiva que consegue darlle outra visión ao patrimonio. Outro uso dos drons que nos resulta de grande axuda observámolo á hora de acceder a construcións megalíticas, coa conseguinte investiga-

ción das mesmas. Ademais dos drons, para este proxecto que aínda non está finalizado, empregamos mapas láser da páxina da Xunta de Galicia.

Para o patrimonio e para a súa posta en valor, son, os medios audiovisuais, imprescindibles pois vivimos nun mundo moi mediatizado no que prima a imaxe e o contido multimedia. Por iso, o que dende a nosa asociación queremos facer é presentarvos unha nova proposta moi visual que busca espertar o voso interese nos bens que como persoas herdamos, en todo aquilo que nos rodea e que en ocasións, tan pouco valoramos.

Luis Alberto Silva Casas é xxxxxxxx
xxxxxxxxxxxxx xxxxxxxx.



Daquela Terra que din Montes

Rita Iglesias Blanco

A Terra de Montes é unha comarca histórica, natural e cultural que esmorece coa axuda da administración política. Está conformada polas parroquias dos concellos de Beariz, Forcarei e do antigo Cerdedo, aunque na orde xeográfica, eclesiástica ou histórica tamén se vinculan a esta comarca Sabucedo (A Estrada), Zobra (Lalín), Caroi (Cotobade), A Barcia do Seixo (A Lama), Morillas e San Isidro de Montes (Campo Lameiro).

Aparecen referencias documentais a este territorio xa no século X, aínda que será no ano 1115, coa doazón da Raíña Urraca da metade da Terra Montes ó arcebispo Xelmírez, cando agrome a entidade histórica desta comarca. No ano 1176 o Rei Fernando engadía a outra metade de Montes á doazón, quedando constituída totalmente a xurisdición con centro de poder na Torre-Fortaleza de Castro de Montes (San Miguel de Presqueiras), trasla-

dado a Soutelo de Montesa finais do século XVII.

No eido xeográfico, está ben delimitada polo Monte Seixo, os Montes do Testeiro, a Serra do Candán e Montouto. Trátase dun territorio de media montaña entre os 400 e os 1.000 metros, que é o berce dos ríos Lérez, Umia e Verdugo. A pesar da súa riqueza natural, o pouco espazo agrícola motivou o desenvolvemento de oficios complementarios como o dos canteiros, os cereiros ou arrieiros. Estes, sumados á situación xeográfica estratéxica da zona con respecto a Santiago, Pontevedra e o Ribeiro levaron a unha gran mobilidade da súa poboación que, enchoupada de intercambios culturais, foi quen dar vida a un abondoso e rico patrimonio.

Hoxe a Terra de Montes atópase esfarelada en varios concellos e divi-

dida en dúas provincias, o que dá boa mostra do bo facer dos nosos gobernantes dende o século XIX, en canto

a ordenación do territorio. A desfeita comezou hai 200 anos pero cada día afóndase un paso máis nela, mostra sexa a recente fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade.

Un golpe duro

Un dos golpes máis duros para esta comarca foi partila nas provincias de Pontevedra e Ourense, deixando Xirazga, Lebozán e Beariz nesta última. A división comarcal de

Galiza nos anos noventa non foi quen de saltar estes límites provinciais e vinculou a Terra de Montes pontevedresa á comarca de Taboada, coa que compartía partido xudicial dende a primeira metade do século XIX. Coas súas eivas para a Terra de Montes, esta comarcalización primou o desen-

vovemento da área rural do interior e mellorou as comunicacións entre Cerdedo, Forcarei e A Estrada. Esta reorganización territorial que comezaba a asentarse quedou totalmente desfeita no ano 2016 coa fusión do concello de Cerdedo, pertencente á Terra de Montes, e o concello de Cotobade, na área de influencia de Pontevedra.

Nesta fusión municipal, para non variar, primaron os intereses partidistas e persoais de dous alcaldes do PP, fronte toda lóxica histórica, xeográfica, social ou administrativa. A pesar das promesas da inmutabilidade dos servizos, Cerdedo perdeu o Rexistro Civil e o Xulgado de Paz, que se centralizaron en Carballedo, e pasou a depender do Partido Xudicial de Pontevedra e da Oficina Agraria Comarcal Pontevedra, debilitando os servizos da área rural.

A pesares dos ataques que sofre a Terra de Montes, somos conscientes da nosa identidade e do potencial dos nosos recursos e seguiremos a loitar pola vida no rural, fronte a aqueles que queren acabar co noso porvir.

A DESFEITA COMEZOU HAI 200 ANOS PERO CADA DÍA AFÓNDASE UN PASO MÁIS NELA, COMO ACONTECEU COA FUSIÓN DOS CONCELLOS DE CERDEDO E COTOBADA

Rita Iglesias Blanco

é xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx.

Pé de foto.

Tras do ronsel de Antonio Fraguas

Xoán Carlos Garrido Couceiro

Cando o asociacionismo cultural reviviu na Estrada alá polo final dos 70 houbo un desexo de coñecer que se tiña feito con anterioridade, saber dos que antes do franquismo tiñan dinamizado culturalmente a nosa vila, recuperar o seu labor silenciado e desprezado. Non era só un acto de xustiza, de humildade ao recoñecer que non se estaba a inventar a pólvora. Fundamentalmente tratábase de desmontar como inherente á nosa veciñanza o desinterese polo noso patrimonio, arte, lingua e cultura en xeral. Unha maneira de mostrar como

ese desprezo polo propio foi inducido durante décadas pero non ten nada de natural.

Soubemos entón dunha xeración que facía de todo por levantar a nosa cultura. E entramos en contacto cos superviventes daquela desfeita. E entre eles queremos lembrar a Antonio Fraguas quen fora profesor do Instituto da Estrada durante a República.

Cómpre recordar que Fraguas tiña certo rancor cara o noso concello. Fora concelleiro do PG e, como el dicía, afortunadamente tiña dimitido antes do 18 de xullo, o que fora decisivo para salvar a vida, aínda que non puido librarse da humillación de arrastrarse polas rúas da Estra-

da xunto cos rapaces das mocidades galeguistas limpando con sosa cáustica as pintadas a prol do Estatuto que ficaban logo do recente referendo.

Fraguas animara naquel tempo un grupo de teatro co seu alumnado entre as que cómpre lembrar unha dirixente das devanditas mocidades do PG, Sara Caramés, que sería rapada a cero polo seu activismo cultural e político. Tamén tiña creado no instituto unha especie de museo arqueolóxico que ía dotando co resultado das súas escavacións nas excursións que facía cos seus alumnos aos diferentes castros da comarca. Era membro activo da comisión que pretendía erixir un monumen-

to a Pardo de Cela na nosa vila e animaba moitas dos parladoiros literarios que con figuras da talla de Bouza Brey, Kenkeirades, Otero Abelleira ou Castelao, brillaban no casino e nos cafés da nosa vila servindo de foco das inquedanzas das novas xeracións.

Despois do 36 só quedou o medo e a celebración da ignorancia polo propio. A A.C. Vagalumes, tamén tenta recuperar o empuxe daquel asociacionismo do posfranquismo que tentaban recoller o espírito de quen antes que nós combateron o odio polo noso e fomentaron o amor e o coñecemento do propio, pola nosa nación negada, pola lingua silenciada, pola cultura desprezada.



Xoán Carlos Garrido Couceiro é profesor e membro da A.C. Vagalumes.

Entrevista a Antonio Fraguas para a revista estradense **Contrarretranca**.